| | INDICE | Páxina |
|---|---|---|
| 1 | **Conceptos clave da programación** | **2** |
| 2 | **Contexto** | **3-4-5** |
| | Características do centro e do alumnado | 3-4 |
| | Obxectivos adaptados ao contexto | 5 |
| 3 | **Unidades didácticas: contidos, secuenciación, temporalización, probas de avaliación e referencias ao libro de texto** | **6-8** |
| 4 | **Unidades didácticas: contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares** | **9-10-11-12-13-14** |
| | Primeira avaliación | 9-10 |
| | Segunda avaliación | 10-11-12 |
| | Terceira avaliación | 12-13-14 |
| 5 | **Metodoloxía didáctica** | **15-16** |
| | Estratexias metodolóxicas | 15-16 |
| | Outras decisións metodolóxicas | 16 |
| 6 | **Avaliación** | **17-18-19-20** |
| | **6.1. Avaliación inicial** | 17 |
| | Procedemento para a avaliación inicial | |
| | **6.2. Avaliación continua** | 17-18 |
| | Procedementos para a avaliación continua | |
| | Criterios de cualificación | |
| | Elaboración da nota media | |
| | Recuperacións | |
| | **6.3. Avaliación final** | 19 |
| | Condicións para presentarse a avaliación final | |
| | Tipo de proba | |
| | Estándares que se avalían | |
| | Cualificación final | |
| | Criterios do centro para a promoción de curso | |
| | **6.4. Avaliación extraordinaria** | 19 |
| | Procedementos para a avaliación extraordinaria: características da proba escrita | |
| | **6.5. Materia pendente de cursos anteriores** | 20 |
| | Procedemento para o seguimento e avaliación da materias pendente | |
| | Criterios de cualificación | |
| 7 | **Outras avaliacións** | **21-22** |
| | **7.1. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente** | 21 |
| | Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino | |
| | Indicadores de logro da práctica docente | |
| | **7.2. Avaliación da programación didáctica** | 22 |
| | Indicadores de logro sobre a programación didáctica | |
| 8 | **Atención á diversidade** | **23-24** |
| | Medidas ordinarias: Organizativas | 23 |
| | Medidas ordinarias: Curriculares | |
| | Medidas extraordinarias: Organizativas | 24 |
| | Medidas extraordinarias: Curriculares | |
| 9 | **Actividades complementarias e extraescolares** | **25** |
| | Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA | |
| 10 | **Datos do departamento** | **25** |
| 11 | **Relación coa Resolución do 27/07/2015 (DOG 29)** | **25** |

## 1.- Conceptos clave da programación (Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015))

| | |
|---|---|
| Desenvolvemento curricular | 2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE |
| Programacións didácticas | 3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos |
| Programación de aula | 4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado. |
| Programación didáctica | Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade |
| Criterios de avaliación | Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares |
| Estándares de aprendizaxe | Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer<br>Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliables. Poden concretarse a través dos indicadores de logro. |
| **Criterios de cualificación** | |
| Indicadores de logro | Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. **(O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)** |
| Grao de consecución dun estándar | Serve para sinalar o **grao mínimo de consecución** esixible dun estándar para superara a materia **(Artº 13º, 3d da Resolución 27/7/2015)** (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar) |
| **Estándares imprescindibles** | Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. **(Galicia non os menciona)** |
| Criterios de cualificación e instrumentos | Serven para ponderar o **"o valor"** que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor. |
| **Procedementos e instrumentos** | Foron fiixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . ***"Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente"*** **(Ver artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)** |
| **Rúbrica** | Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia |
| **Portfolio** | Achega de producións dun alumno/a |

| | |
|---|---|
| **OUTROS ASPECTOS** | |
| **Graduación dos estándares** | Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa |
| **Perfil de área** | Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo **(Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015)** |
| **Perfil competencial** | Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave **(Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015)** |
| **Avaliación das competencias** | **"A avaliación do grao de adquisición das completencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (Artº 7º,3 da Orde ECD 65/2015)** |
| **Nivel de desempeño das competencias.** | **... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)** |
| **Tarefa** | É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolucion dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas ingegran actividades e exercicios. |
| **Identificación de contidos e criterios** | **Exemplo: B1.1 : B1**: Bloque de contido / **1**: Número de contido dun bloque |
| **Identificación de estándares** | **Exemplo: XHB2.1.1**<br>**XH**: Abreviatura da área: Xeografía e Historia<br>**B2**. Bloque de contidos do que xorde o estándar<br>**1**. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar<br>**1**. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación |

## 2.- Contexto

* **Características do centro**

Situación
Centro Público Integrado dependente da Consellería de Educación, situado no centro sur da provincia de Lugo, no concello de Taboada.

Centros adscritos
Non ten.

Ensinanzas que oferta o centro

- Educación Infantil
- Educación Primaria
- Educación Secundaria Obrigatoria

Características singulares

- O centro está composto por tres edificios e zonas deportivas e de lecer:
  - Os de Infantil e Primaria que se atopan no mesmo recinto, xunto coas instalacións de comedor.
  - O de Secundaria, que se atopa distanciado dos anteriores, a aproximadamente 200m.
- O centro dispón de servizo de transporte e de comedor.
- Ten horario de xornada continua. En ESO hai clase a tarde dos martes.
- Profesorado estable ao longo dos cursos, con poucos traslados.
- O alumnado vive maioritariamente nun entorno rural, en casas familiares onde conviven con pais e avós, adicados fundamentalmente á gandaría e á agricultura.
- A maioría dos pais/titores teñen estudos primarios.
- O acceso a Internet nos domicilios non é maioritario.
- En moitos casos, a nivel de ESO, o estudo dos fillos non é unha prioridade para as familias, polo que o nivel de implicación na aprendizaxe dos pais/titores non é o axeitado.
- Os pais/titores, cando son convocados polo profesorado soen acudir ao centro, agás as reunións de todo o grupo.

* **Características do alumnado:**

Lingua materna dominante
Galego

Alumnado con NEAE no curso actual

Ao inicio do curso os casos de alumnos/as de ESO con NEAE detectados son:

- Unha alumna que ten ACI nas áreas instrumentais e noutras áreas.
- alumnos/as de 1º e 2º da ESO que están exentos de cursar a 2ª Lingua Estranxeira (Francés).

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...

Outras características

* **Obxectivos (adaptados ao contexto do centro e do alumnado)**:

| | |
|---|---|
| **1** | Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, |

| | |
|---|---|
| | como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. |
| **2** | Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. |
| **3** | Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. |
| **4** | Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. |
| **5** | Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. |
| **6** | Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia. |
| **7** | Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. |
| **8** | Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. |
| **9** | Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo. |
| **10** | Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. |
| **11** | Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. |
| **12** | Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito. |
| **13** | Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. |

## 3.Unidades didácticas: contidos, secuenciación, temporalización, probas de avaliación e referencias ao libro de texto

# PRIMEIRA AVALIACIÓN

| Bloque | UNIDADES DIDÁCTICAS – Contidos | | Referencia Libro texto | Temporalización: Mes | Temporalización: Sesións | Probas avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **UNIDAD 1** | | | | | |
| BLOQUE 1 : O SÉCULO XVIII EN | **B1.1** | Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia | Tema:1 elaborado | Setembro Outubro | 22 | |
| | **B1.2** | Ilustración. | | | | |
| | **B1.3** | Arte e ciencia en Europa no século XVIII. | | | | |
| BLOQUE 2 :A ERA DAS | **B2.1** | Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo,nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias | Tema 2<br>elaborado | | | |
| | **B2.2** | Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español | | | | X |
| | **UNIDAD 2** | | | | | |
| BLOQUE 3 : A REVOLUCIÓN | **B3.1** | Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible. | Tema:3 elaborado | Novembro Decembro | 20 | |
| | **B3.2** | Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa. | | | | |
| | **B3.3** | Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización). | | | | |
| | **B3.5** | A ciencia no século XIX | | | | X |

# SEGUNDA AVALIACIÓN

| Bloque | UNIDADES DIDÁCTICAS – Contidos | Referencia Libro texto | Temporalización: Mes | Temporalización: Sesións | Probas avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| BLO | **UNIDAD 3** | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| QUE 4: O IMPERIALISMO DE SÉCULO XIX E A | B4.1 | O imperialismo no século XIX: concepto. | Tema:4 elaborado | Xaneiro Febreiro Marzo abril | 36 | X |
| | B4.2 | Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias. | | | | |
| | B4.4 | Revolución Rusa. | Tema:5 elaborado | | | |
| | B4.5 | A arte no século XIX. | Tema :6 elaborado | | | |
| BLQUE 5: A ÉPOCA DE ENTREGUERRAS | B5.1 | Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión. | | | | |
| | B5.2 | Fascismo italiano e nazismo alemán. | | | | |
| | B5.3 | II República española e a Guerra Civil. | | | | X |
| | **3 AVALIACIÓN** | | | | | |
| BLOQUE 6: AS CAUSAS E CONSECUENCIAS | UNIDAD 4 | | | | | |
| | B6.1 | Orixes da II Guerra Mundial. | Tema 7 elaborado | Abril , maio xuño, | 14 | |
| | B6.2 | Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias. | | | | |
| | B6.3 | O Holocausto. | | | | |
| | B6.4 | Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica. | Tema 8elaborado | | | |
| | B6.5 | Procesos de descolonización en Asia e África. | | | | X |

| Bloque | UNIDADES DIDÁCTICAS | Referencia Libro texto | Temporalización | | Probas avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| BLOQ. 7: A | Contidos | | Mes | Sesións | |
| | UNIDAD 5 | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTABILIZACIÓN DO CAPITALISMO E O ILLAMENTO ECONÓMICO DO BLOQUE SOVIÉTICO | **B7.1** | Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State". | Elaborado polo profesor | Maio / xuño | 6 | |
| | **B7.2** | Crise do petróleo (1973). | | | | |
| | **B8.2** | Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias. | | | | |
| | **B8.3** | Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982). | | | | **X** |
| | | **UNIDAD 6** | | | | |
| | **B8.4** | Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional. | dossier | Maio Xuño | 3 | |
| BL.9: A REVOLUCIÓN TECÑOLÓXICA E A | **B9.1** | A globalización económica: concepto e características. | Dossier | | | |
| | **B9.2** | Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización. | Dossier | | | |
| | **B9.3** | Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito. | Dossier | | | |
| BLOQUE 10: A RELACIÓN ENTRE O PASADO. O PRESENTE E O FUTURO A | **B10.1** | Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía. | Visto o longo de toda a materia | | | |
| | **B10.2** | Cambio e continuidade. | | | | |
| | **B10.3** | Tempo histórico | | | | |
| | **B10.4** | Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea. | | | | **X** |

## 4. Unidades didácticas: contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares

# 1ª Aval.

**Estándares de aprendizaxe avaliables**

| UD | Identificador contidos | Criterios de avaliación | Competencias clave | Identificador estándar | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo consecución | Peso cualificación | Temas transversais: Proba escrita | Temas transversais: Observacion/ rubricas/ traballos/ chamamentos/ etc | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | B1.1 | **B1.1.** Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. | CSC CAA CCL | XHB1.1.1. | Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. | 100% | 15% | 80% | 20% | X | X | X | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB1.1.2. | Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | 100% | 15% | | | X | X | | | | X | |
| | B1.2 | **B1.2.** Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. | CSC CCEC CCL | XHB1.2.1. | Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | 100% | 15% | | | X | X | | | | X | |
| | B1.3 | **B1.3.** Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII. | CSC CMCCT CAA | XHB1.3.1. | Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | 50% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CMCCT | XHB1.3.2. | Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. | 25% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | B2.1 | **B2.1**. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX. | CSC CAA CCL | XHB2.1.1. | Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | 50% | 10% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB2.1.2. | Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | 25% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | B2.2 | **B2.2.** Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX. | CSC CAA CCL | XHB2.2.1. | Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. | 100% | 15% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB2.2.2. | Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. | 100% | 10% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB2.2.3. | Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | 15% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| 2 | B3.1 | **B3.1.** Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal. | CSC CAA CCL | XHB3.1.1. | Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | 100% | 30% | 80% | 20% | X | X | | | | X | |
| | B3.2 | **B3.2.** Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios. | CSC CAA CCL | XHB3.2.1. | Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | 60% | 20% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB3.2.1. | Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | 50% | 15% | | | X | X | | | | X | |

**LENDA COMPETENCIAS**

**LENDA TRANSVERSAIS**

**CCL** Comunicación lingüística

**CL** Comprensión lectora

**CMCCT** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía

**EOE** Expresión oral e escrita

**CD** Competencia dixital

**CA** Comunicación audiovisual

**CAA** Competencia aprender a aprender

**TIC** Tecnoloxías da información e comunicación

**CSC** Competencias sociais e cívicas

**EMP** Emprendemento

**CSIEE** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

**EC** Educación cívica

**CCEC** Conciencia e expresións culturais

**PV** Prevención da violencia

# 1ª Aval.

| UD | Identificador contidos | Criterios de avaliación | Competencias clave | Identificador estándar | Estándares de aprendizaxe avaliables | Grao mínimo consecución | Peso cualificación | Proba escrita | Observacion/ rubricas/ traballos/ | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | B3.3 | | | | | | | | | | | | | | | |
| | B3.4 | ... económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país. | CSC | XHB3.4.1. | ... económicos en España. | 100% | 25% | | | | X | | | | X | |
| | B3.5 | B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais. | CSC CAA CMCCT | XHB3.5.1. | Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | 50% | 5% | | | X | X | | | | X | |

# 2ª Aval.

| UD | Identificador contidos | Criterios de avaliación | Competencias clave | Identificador estándar | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo consecución | Peso cualificación | Proba escrita | Observacion/ rubricas/ traballos/ chamamentos/ etc | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | B4.1 | B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX. | CSC CAA | XHB4.1.1. | Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | 100% | 10% | 80% | 20% | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB4.1.2. | Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | 30% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | B4.2 | B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo. | CSC CAA | XHB4.2.1. | Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | 100% | 10% | | | X | X | | | | X | |
| | B4.3 | B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. | CSC CAA | XHB4.3.1. | Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. | 100% | 10% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA | XHB4.3.2. | Analiza o novo mapa político de Europa. | 75% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB4.3.3. | Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | 30% | 5% | | | X | X | | | | X | |

**LENDA COMPETENCIAS**

**LENDA TRANSVERSAIS**

| | |
|---|---|
| CCL | Comunicación lingüística |
| CMCCT | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía |
| CD | Competencia dixital |
| CAA | Competencia aprender a aprender |
| CSC | Competencias sociais e cívicas |
| CSIEE | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor |
| CCEC | Conciencia e expresións culturais |

| | |
|---|---|
| CL | Comprensión lectora |
| EOE | Expresión oral e escrita |
| CA | Comunicación audiovisual |
| TIC | Tecnoloxías da información e comunicación |
| EMP | Emprendemento |
| EC | Educación cívica |
| PV | Prevención da violencia |

# 2ª Aval.

| UD | Identificador contidos | Criterios de avaliación | Competencias clave | Identificador estándar | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo consecución | Peso cualificación | Proba escrita | Observación/ rubricas/ traballos/ chamamentos/ etc | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | **Estándares de aprendizaxe avaliables** | | | | | | **Temas transversais** | | | | | | | | |
| 3 | B4.4 | **B4.4.** Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa. | CSC CAA CCL | XHB4.4.1. | Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | 50% | 5% | 80% | 20% | X | X | | | | X | |
| | B4.5 | **B4.5.** Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa. | CSC CAA CCL CCEC | XHB4.5.1. | Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | 15% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL CCEC | XHB4.5.2. | Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | 5% | 2% | | | X | X | | | | X | |
| | B5.1 | **B5.1.** Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época. | CSC CAA CCL | XHB5.1.1. | Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | 10% | 3% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA | XHB5.1.2. | Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | 20% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB5.1.3. | Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | 20% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | B5.2 | **B5.2.** Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa. | CSC CCL | XHB5.2.1. | Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | 100% | 10% | | | X | X | | | | X | |
| | B5.3 | **B5.3.** Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil | CSC CCL | XHB5.3.1. | Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | 100% | 10% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB5.3.2. | Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | 100% | 10% | | | X | X | | | | X | |
| 4 | B6.1 | **B6.1.** Coñecer as causas da II Guerra Mundial. | CSC CAA | XHB6.1.1. | Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). | 100% | 20% | | | X | X | | | | X | |
| | B6.2 | **B6.2.** Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total. | CSC CAA | XHB6.2.1. | Sitúa nun mapa as fases do conflito. | 25% | 10% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB6.2.2. | Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | 50% | 10% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB6.2.3. | Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. | 100% | 20% | | | X | X | | | | X | |

**LENDA COMPETENCIAS**

**LENDA TRANSVERSAIS**

**CCL** Comunicación lingüística

**CL** Comprensión lectora

**CMCCT** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía

**EOE** Expresión oral e escrita

**CD** Competencia dixital

**CA** Comunicación audiovisual

**CAA** Competencia aprender a aprender

**TIC** Tecnoloxías da información e comunicación

**CSC** Competencias sociais e cívicas

**EMP** Emprendemento

**XCSIEE** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
**CCEC** Conciencia e expresións culturais

**EC** Educación cívica
**PV** Prevención da violencia

# 2ª Aval.

| UD | Identificador contidos | Criterios de avaliación | Competencias clave | Identificador estándar | Estándares de aprendizaxe avaliables | Grao mínimo consecución | Peso cualificación | Proba escrita | Observacion/ rubricas/ | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | B6.3 | | | | | | | | | | | | | | | |
| | B6.4 | **B6.4.** Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS. | CSC CAA CCL | XHB6.4.1. | Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | 50% | 5% | 80% | 20% | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB6.4.2. | Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. | 50% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | B6.5 | **B6.5.** Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual. | CSC CCL | XHB6.5.1. | Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | 100% | 20% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA | XHB6.5.2. | Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). | 40% | 5% | | | X | X | | | | X | |

# 3ª Aval.

| UD | Identificador contidos | Criterios de avaliación | Competencias clave | Identificador estándar | Estándares de aprendizaxe avaliables | Grao mínimo consecución | Peso cualificación | Proba escrita | Observacion/ rubricas/ traballos/ chamamentos/ etc | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | B7.1 | **B7.1.** Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa. | CSC CAA CCL | XHB7.1.1. | Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. | 10% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC | XHB7.1.2. | Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | 50% | 10% | | | X | X | | | | X | |
| | B7.2 | **B7.2.** Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto. | CSC CAA CCL | XHB7.2.1. | Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | 100% | 20% | 80% | 20% | X | X | | | | X | |
| | B7.3 | **B7.3.** Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975. | CSC | XHB7.3.1. | Coñece a situación da posguerra e a represión en España así como as fases da ditadura de Franco | 100% | 20% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB7.3.2. | Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica | 20% | 5% | | | X | X | | | | X | |

**LENDA COMPETENCIAS**

| | |
|---|---|
| CCL | Comunicación lingüística |
| CMCCT | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía |
| CD | Competencia dixital |
| CAA | Competencia aprender a aprender |
| CSC | Competencias sociais e cívicas |
| CSIEE | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor |
| CCEC | Conciencia e expresións culturais |

**LENDA TRANSVERSAIS**

| | |
|---|---|
| CL | Comprensión lectora |
| EOE | Expresión oral e escrita |
| CA | Comunicación audiovisual |
| TIC | Tecnoloxías da información e comunicación |
| EMP | Emprendemento |
| EC | Educación cívica |
| PV | Prevención da violencia |

| **3ª Aval.** | | | Estándares de aprendizaxe avaliables | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | Temas transversais | | | | | | | | | |
| UD | Identificador contidos | Criterios de avaliación | Competencias clave | Identificador estándar | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo consecución | Peso cualificación | Proba escrita | Observacion/ rubricas/ traballos/ chamamentos/ etc | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| 5 | B8.1 | **B8.1**. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial. | CSC CAA | XHB8.1.1. | Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época | 20% | 5% | 80% | 20% | X | X | | | | X | |
| | | | CSC | XHB8.1.2. | Comprende os proles e contras do estado do benestar. | 20% | 5% | | | X | | | | | X | |
| | B8.2 | **B8.2.** Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas. | CSC CAA CCL | XHB8.2.1. | Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | 100% | 15% | | | X | X | | | | X | |
| | B8.3 | **B8.3.** Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso. | CSC CAA CCL | XHB8.3.1. | Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | 20% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CCL | XHB8.3.2. | Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. | 20% | 5% | | | X | | | | | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB8.3.3. | Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. | 20% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| 6 | B8.4 | **B8.4.** Entender a evolución da construción da Unión Europea. | CSC CAA CCL | XHB8.4.1. | Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | 40% | 5% | 80% | 20% | X | X | | | | X | |
| | B9.1 | **B9.1.** Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. | CSC CD CCL CAA CSIEE | XHB9.1.1. | Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | 40% | 5% | | | X | X | X | X | X | X | |
| | | | CSC CAA CCL | XHB9.1.2. | Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. | 50% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | B9.2 | **B9.2.** Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica. | CSC CAA CCL CD | XHB9.2.1. | Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. | 40% | 5% | | | | | X | X | | X | |
| | B9.3 | **B9.3.** Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado. | CSC CD CAA CCL CMCCT CSIEE | XHB9.3.1. | Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | 40% | 5% | | | X | X | X | X | X | X | X |

LENDA COMPETENCIAS

LENDA TRANSVERSAIS

CCL Comunicación lingüística

CL Comprensión lectora

CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía

EOE Expresión oral e escrita

CD Competencia dixital

CA Comunicación audiovisual

| | |
|---|---|
| CAA | Competencia aprender a aprender |
| CSC | Competencias sociais e cívicas |
| CSIEE | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor |
| CCEC | Conciencia e expresións culturais |
| TIC | Tecnoloxías da información e comunicación |
| EMP | Emprendemento |
| EC | Educación cívica |
| PV | Prevención da violencia |

# 3ª Aval.

| UD | Identificador contidos | Criterios de avaliación | Competencias clave | Identificador estándar | Estándares de aprendizaxe (Estándares de aprendizaxe avaliables) | Grao mínimo consecución | Peso cualificación | Proba escrita | Observacion/ rubricas/ traballos/ chamamentos/ etc | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | B10.1 | **B10.1.** Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | CSC CMCCT CAA CCL | XHB10.1.1. | Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico. | 10% | 5% | 80% | 20% | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CAA | XHB10.1.2. | Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | 20% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CMCCT CAA | XHB10.1.3. | Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | 100% | 20% | | | X | X | | | | X | |
| | B10.2 | **B10.2**. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | CSC CMCCT | XHB10.2.1. | Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | 20% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | | | CSC CMCCT | XHB10.2.2. | Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | 20% | 5% | | | X | X | | | | X | |
| | B10.3 | **B10.3.** Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | CSC CMCCT | XHB10.3.1. | Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | 100% | 15% | | | X | X | | | | X | |
| | B10.4 | **B10.4.** Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | CSC CCL | XHB10.4.1. | Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | 100% | 20% | | | X | X | | | | X | |

LENDA COMPETENCIAS

LENDA TRANSVERSAIS

| | |
|---|---|
| CCL | Comunicación lingüística |
| CMCCT | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía |
| CD | Competencia dixital |
| CAA | Competencia aprender a aprender |
| CSC | Competencias sociais e cívicas |
| CSIEE | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor |
| CCEC | Conciencia e expresións culturais |

| | |
|---|---|
| CL | Comprensión lectora |
| EOE | Expresión oral e escrita |
| CA | Comunicación audiovisual |
| TIC | Tecnoloxías da información e comunicación |
| EMP | Emprendemento |
| EC | Educación cívica |
| PV | Prevención da violencia |

## Estratexias metodolóxicas

### Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Partir de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outros máis complexos.
- Potenciar a motivación do alumnado fomentando a súa participación, así como o uso dos coñecementos adquiridos en situacións reais.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxía activas:
  - Combinar traballo individual e cooperativo
  - Aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC
- Papel facilitador do profesor/a
- Elaboración e deseño de diferentes materiais didácticos por parte do profesorado.

### Estratexias metodolóxicas

- Exposición do profesor, para presentar contidos novos, poñer exemplos, etc.
- Traballo individual, para practicar o aprendido con exercicios de aplicación do contidos
- Traballo de investigación (individual ou en pequenos grupos), empregando diversos materiais didácticos e as TIC, para atopar relacións, resolver problemas, etc.
- Resolución de problemas en contextos reais, coa finalidade de aplicar o aprendido.
- Posta en común dos resultados para corrixir erros e consolidar o que se aprende.

### Secuenciación habitual de traballo na aula

Motivación(ao inicio de cada unidade didáctica):

- Presentación da actividade con  power- points, vídeos, gráficos, textos, fotos,etc.
- Proposta de situacións problemáticas reais ou académicas que fagan ver a necesidade de aprender os contidos que se van desenvolver.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de textos e outras fontes
- Análise de documentos, pequenas investigación, etc.
- Realización de exercicios sobre o explicado na clase.
- Resposta a preguntas
- Resolución de problemas
- Comentario de documentos, imaxes, etc.
- Elaboración de  gráficas, sínteses, mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva

Posta en común

- Corrección por parte do alumnado dos exercicios realizados, ou dos que se propuxeron como tarefa para casa.
- Exposicións orais.
- Análise das dificultades atopadas no desenrolo do traballo realizado.
-

Proposta de exercicios de afianzamento, de reforzo ou de ampliación segundo sexan as necesidades de cada alumno/a.

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, comentarios, (Rúbricas), chamamentos
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo

  Observación do traballo na aula

**Outras decisións metodolóxicas**

## 1. Tempos  e espazos

Con frecuencia, segundo os temas a tratar e a dispoñibilidade, as clases desenvólvense na aula de informática

## 2.  Materiais e recursos didácticos

Libros de texto: Editorial Vicens Vives subtituidos por Santillana neste curso

Fichas de traballo elaboradas polo profesorado

temas elaborados polo profesor e colgados na aula virtual.

Para este curso comezamos co Edixgal

| | |
|---|---|
| Power points elaborados polo profesorado.<br><br>Libros de apoio do departamento de Xeografía e Historia. Bibliografía de consulta na biblioteca escolar.<br><br>Recursos informáticos: Uso habitual das TIC. Entre outras, recomendamos as seguintes direccións web:<br>http://librosvivos.net<br>www.smconectados.com<br>www.profes.net:<br>www.librosvivos.net:<br>www.aprenderapensar.net<br><br>Vídeos<br><br>aula virtual<br><br>3.-**Alumnos confinados.**<br><br>Poderán seguir a materia dende a casa a través da aula virtual. Terán alí colgados os exercicios os temas e os vídeos e presentacións vistos en clase. Asímesmo, ben a través do abalar, correo , telefono ou xefatura de estudos o profesor poderá dar indicacións ou citar o alumno para repasar a través da aula webdo profesor.<br><br>5.-**Actividades repaso e ampliación xuño .**<br><br>Dende a avaliación ordinaria de xuño ata a fin do curso traballarase de diferente xeito cos alumno:<br>-alumnos suspensos actividades de reforzo da área ou áreas nas que estean mais frouxo e preparación exames setembro.<br>-Alumnos aprobados actividades de ampliación ,de repaso, motivadoras, xogos, repaso doutras materias<br><br>6.-Agrupamentos:<br>Faranse en función da evolución do Covid. En calquera caso nunca mais de dous alumnos | |

| 6. Avaliación | Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes |
|---|---|

## 6.1. Avaliación inicial

Debido ás características do centro, con alumnado e profesorado estable que coñece aos alumnos de cursos anteriores, a avaliación inicial só se realiza en 1º da ESO.

No caso de alumnos que se incorporen ao centro neste curso o profesorado levará a cabo unha avaliación inicial baseada na observación do alumno nos dous primeiros meses do curso, e ou nunha proba escrita sobre coñecementos previos para detectar o seu nivel, e de ser o caso, aplicar as medidas de apoio que se estimen pertinentes.

## 6.2. Avaliación continua

**1-** . Realizaranse dunha a dúas probas escritas (como mínimo) en cada avaliación. As probas escritas corresponderalles un 80% do peso na cualificación final da materia o 20% restante corresponderalle o traballo do alumno e a súa actitude fronte a materia

**2-** Para avaliar usamos os seguintes instrumentos:

- A **realización de probas escritas :**

Será condición necesaria para aprobar a avaliación superar as probas realizadas , ou ben, en caso de ter unha suspensa, que a nota sexa maior ou igual a 3. A media dos exames da avaliación deberá ser igual ou superior a 4 para superar a avaliación.

Os alumnos con dúas probas escritas suspensas ou cunha proba escrita suspensa con nota inferior a 3, levarán a avaliación suspensa.
No caso de que un alumno copie no transcurso dun exame ou axude a outros a facelo, os resultados do mesmo será de 0 puntos e esa nota será tida en conta, en calquera caso, para calcular a súa nota media. Na valoración das probas escritas terase en conta: a presentación e a corrección sintáctica e ortográfica.
**A nota da avaliación sumada as probas escritas e o traballo de clase debera ser igual ou superior a 5 para aprobar a avaliación**

**O profesor de concorrer determinadas continxencias que o xustifiquen poderá substituír unha proba escrita por un traballo que contará coma un exame; en caso de suspendelo o alumno terá dereito a un exame de recuperación**

- **O Traballo diario na clase mediante a observación directa e continua do alumno na clase, rubricas, chamamentos, cadernos alumnos, diario de clase do profesor….**

O comportamento , a actitude e o interese cara a materia por parte do alumno será valorado terase en conta:

- a súa asistencia a clase e a falta de material para realizar as actividades propostas polo profesor,
- o respecto as quendas de palabra,
- a escoita activa,
- a participación na clase con aportacións tendentes a contribuír o correcto desenvolvemento da materia. , -a súa habilidade para entender e atender as instrucións do profesor.
-as axudas prestadas os compañeiros
-A súa contribución a crear un clima de traballo e respecto cara a materia e os compañeiros na clase

O Traballo diario na clase será tamén valorado téndose en conta:

- o cumprimento pertinente das actividades e traballos propostos,
- o esmero ,o esforzo e presentación en prazo das actividades o traballos propostos,
- os chamamentos e controis realizados en clase.
- A participación en tarefas voluntarias en clase: saídas voluntarias ó taboleiro, correccións exercicios…
- O caderno debe ser lexible e estar completo, tanto no referente a apuntes teóricos como a exercicios realizados. Os alumnos deben responsabilizarse de completar o seu caderno se faltan a clase, e de ter os exercicios corrixidos, despois de que sexan revisados en clase. Tamén se valorará a boa presentación do caderno
-a correcta presentación e realización dos deberes asignados

-A falta de entrega de exercicios, os exercicios mal feitos, ou só realizados algúns computaran negativamente..**Avisado o alumno de persistir durante a avaliación na súa actitude de non entrega e realización das actividades normais realizadas na clase suporá o suspenso na avaliación.**

**-A non realización de actividades de obrigada entrega suporá automaticamente o suspenso na avaliación ou no seu caso a obrigación de pasar un exame ou control sobre os contidos non entregados ou non traballados na clase polo alumno.**

- A **realización e presentación de traballos,:**

Nos que se valorará a habilidade do alumno para organizarse e seleccionar a información, a utilización das TIC, a redacción e a exposición oral. Cada traballo valorarase de 0 a 10 puntos ;.**a non presentación dun traballo obrigatorio suporá o suspenso na avaliación** .A nota destes traballos sumarase tamén o 20% asignado para o traballo do alumno e a súa actitude cara a materia; tamén serán tidos en conta para o redondeo de medias como indico no apartado 3

Os traballos poderán ser individuais ou en equipo

Deben presentarse na data acordada. De non asistir a clase, o alumno debe avisar con antelación ou presentar un xustificante médico. Entregará o traballo cando se incorpore.

**3- Para facer a media de cada avaliación, valoraranse: exames (80%), traballo e actitude do alumno 20%. A nota da avaliación sumada as probas escritas e o traballo de clase debera ser igual ou superior a 5 para aprobar a avaliación**

No caso de ter que redondear tras facer a media:

- Redondease a baixa no caso de que falten máis de 5 décimas e sempre que o alumno acade menos dun 5 no apartado de traballo e actitude
-Redondease a alza en función do esforzo e a evolución do alumno dende o comezo de curso, a calidade dos traballos presentados , do seu caderno ou a presentación de traballos voluntarios.

**Excepcionalmente de concorrer circunstancias debidamente acreditadas a media da avaliación poderá redondearse a alza no caso de que falten 6 decimas**
.

**4**. Cando un alumno falte a un exame, terá dereito a que este se lle repita sempre e cando:

- A falta se deba a unha enfermidade ou cita médica, con xustificante médico, que terá que entregar o primeiro día en que o alumno se incorpore o centro.
- Os pais ou titores falen persoalmente coa profesora para xustificar a falta de asistencia o exame por un motivo persoal importante no día en que se incorpore o centro.
- A falta sexa pola participación do alumno nalgunha actividade cultural ou deportiva, debidamente xustificada polo centro organizador da mesma.

En todos os casos, será o profesor o que decida o día en que lle repite o exame o alumno.

**5**. Se o alumno falta o exame e non o xustifica adecuadamente, poderá realizalo na data da recuperación, perdendo o dereito a ter outra recuperación en caso de suspender. Para o cálculo da nota de avaliación o exame non realizado será cualificado cunha nota de 1.

**6**. A nota final de **xuño** será a media das tres avaliacións aprobadas que poderá ser aumentada entre un 10 e un 15% cos traballos presentados ou realizados despois do 6 de xuño

**7**. Os alumnos que non superen unha avaliación terán dereito a unha recuperación. O exame de recuperación contara como as probas escritas un 80% da nota da avaliación. **Os alumnos que suspendan a avaliación por non entregar os traballos obrigatorios ou pola súa reiterada actitude de non facer, ou realizar o chou as actividades da clase. Ademais de ter aprobados os exames deberán de entregar os exercicios ou traballos non realizados.**

## 6.3. Avaliación final

**1** . A nota final de **xuño** será a media das tres avaliacións aprobadas que poderá ser aumentada entre un 10 e un 15% cos traballos presentados ou realizados despois do 6 de xuño
2 . No caso de ter que redondear tras facer a media:

No caso de ter que redondear tras facer a media:

- Redondease a baixa no caso de que falten máis de 5 décimas e tamén sempre que o alumno acade menos dun 5 no apartado de traballo e actitude
- Redondease a alza en función do esforzo e a evolución do alumno dende o comezo de curso, a calidade dos traballos presentados , do seu caderno ou a presentación de traballos voluntarios.

3.Os alumnos que en xuño, teñan unha avaliación suspensa cunha nota maior ou igual que 4, levarán como nota final a media das tres avaliacións, sempre que esta sexa igual ou superior a 5.

4.Os alumnos que teñan unha avaliación suspensa cunha nota inferior a 4 deberán facer un exame final de recuperación da avaliación non superada.

5.Os alumnos que teñan dúas ou tres avaliación suspensas terán que realizar os exames extraordinarios de xuño

## 6.4. Avaliación extraordinaria

Na avaliación extraordinaria de xuño farase unha proba e a nota será a obtida no exame. No caso de ter que redondear, o redondeo farase da seguinte maneira:

- Redondease a baixa no caso de que falten máis de 5 décimas
- Redondearase a alza a partires de 5 décimas

## 6.5. Materia pendente de cursos anteriores

O alumnado cunha avaliación suspensa poderá recuperala
O alumno coa materia pendente daráselles unhas fichas de traballo, a entrega das mesmas correctamente feitas e en prazo será suficiente para aprobar a materia. A copia fraudulenta por un compañeiro suporá a desestimación das actividades para o que copia e o que da as actividades.
En caso de non entregar as actividades, non entregalas correctamente seguindo as indicacións do profesor, non realizar os cambios pedidos tras a corrección das mesmas, ou a copia fraudulenta ou realización das actividades por terceiros o alumno deberá realizar un exame nas datas de pendentes e sacar un 5

## 7. Outras avaliacións

| 7.1. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente (Indicadores de logro) | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Proceso de ensino:** | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? | | | | |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe? | | | | |
| 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física? | | | | |
| 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? | | | | |
| 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado? | | | | |
| 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado? | | | | |
| 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? | | | | |
| 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación? | | | | |
| 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula? | | | | |
| 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo? | | | | |
| **Práctica docente:** | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa? | | | | |
| 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade | | | | |
| 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE? | | | | |
| 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar? | | | | |
| 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo? | | | | |
| 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral? | | | | |
| 6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe | | | | |
| 7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar? | | | | |
| 8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc? | | | | |
| 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc? | | | | |
| 10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos? | | | | |
| 11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado? | | | | |
| 12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas? | | | | |
| 13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares | | | | |
| 14.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliaciÓn,.. ? | | | | |

## 7.2. Avaliación da programación didáctica

**1.- Mecanismo revisión**

Con que periodicidade se revisará

O seguimento da programación revisarase mensualmente, na reunión do departamento.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

1) Secuenciar novamente os contidos, priorizando os contidos mínimos (nivel de adquisición do 100%).
2) Modificar a programación se se considera necesario para os cursos vindeiros.

| 2.- Mecanismo avaliación e modificación da programación didáctica | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| (Indicadores de logro) | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Desenvolvéronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? | | | | |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? | | | | |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización? | | | | |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación? | | | | |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? | | | | |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas | | | | |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | |
| 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ? | | | | |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación? | | | | |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver? | | | | |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? | | | | |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? | | | | |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? | | | | |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? | | | | |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma? | | | | |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares? | | | | |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? | | | | |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc. | | | | |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación | | | | |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final? | | | | |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? | | | | |
| 22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? | | | | |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? | | | | |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar? | | | | |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares? | | | | |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? | | | | |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? | | | | |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos? | | | | |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15) | | | | |
| 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso | | | | |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? | | | | |
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | |

Observacións:

## 8. Atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade no presente curso

| Medidas ordinarias | Medidas extraordinarias |
|---|---|
| Organizativas | Curriculares |
| 1. Adecuouse para algún alumo/a a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo? | 1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? |

| | |
|---|---|
| a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.<br><br>b) b) Espazos diferenciados?<br><br>c) c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?<br><br>2. Faise algún desdobramento de grupos?<br><br>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?<br><br>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?<br><br>5. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?<br><br>6. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?<br>Realizar as actividades que o profesor que envía ao alumno á aula de convivencia considere precisos. | 2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?<br><br>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?<br><br>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?<br><br>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?<br>O departamento ten un sistema de recuperación da materia pendente (apartado 6.5)<br><br>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?. Si |

**Medidas de atención á diversidade no presente curso**

## MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

| Medidas ordinarias | Medias extraordinarias |
|---|---|
| Organizativas | Curriculares |
| 1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?<br><br>Co especialista en PT de Secundaria reciben apoio 3 alumnos/as<br>O número de alumnos/as que reciben apoio por partes do especialistas en PT/AL pode variar ao longo do curso en función das necesidades que poidan xurdir. | 1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?<br><br>-1 alumna de 1º de ESO ten unha ACI na área de Ciencias Sociais.<br>-2 alumnas de 2º de ESO ten unha ACI na área de Ciencias Sociais<br><br>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento |

| | |
|---|---|
| 2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? Non<br><br>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular( Al. estranxeiro)? Non<br><br>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Non | flexible/específico?<br><br>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Non<br><br>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? Non<br><br>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc<br><br>Reunións semanais da orientadora cos PT e AL.<br>Reunións trimestrais de seguemento dos Agrupamentos flexibles.<br>Reunións trimestrais de seguemento das Adaptacións Curriculares Individualizadas. |

## 9. Actividades complementarias e extraescolares

O departamento non ten a priori ningunha actividade extraescolar programada. No obstante o departamento está aberto a valorar o interese para os alumnos de todas as ofertas tipo conferencia, exposicións, etc que poidan xurdir, ou de calquera outro tipo de actividade relacionada coa Xeografía e Historia.

## 10. Datos do departamento

| Materia | Curso | Grupos | Profesor/a |
|---|---|---|---|
| Xeografía e Historia | 1º ESO | A | Yolanda Villamor Portomeñe |
| Xeografía e Historia | 2º ESO | A | |
| Xeografía e Historia | 3º ESO | A | |
| Xeografía e Historia | 4º ESO | A | |

## 11. Relación coa Resolución do 27/07/2015 (DOG 29)

| Elementos | Aspectos | Follas |
|---|---|---|
| a | Introdución e contextualización | 3 a 5 |
| b | Contribución ás competencias básicas | 9 a 14 |
| c | Concreción dos obxectivos para curso | 5 |
| d | **Concreción para cada estándar** | 9 a 14 |
| | 1º.- Temporalización | 9 a 14 |
| | 2º.- Grao mínimo de consecución | 9 a 14 |
| | 3º.- Procedementos e instrumentos av. | 9 a 14 |
| e | Concrecións metodolóxicas | 15,16 |
| f | Materiais e recursos didácticos | 16 |
| g | Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción | 17 a 20 |
| h | Indicadores de logro para avaliar o proc.ensino e p.d. | 21, 22 |
| i | Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes | 20 |
| j | Procedemento acreditación coñecementos previos | |
| k | Avaliación inicial e medidas | 117 |
| l | Medidas de atención á diversidade | 23, 24 |
| m | Concreción de elementos transversais | 9 a 14 |
| n | Actividades complementarias e extraescolares | 25 |
| ñ | Revisión, avaliación e modificación da programación | 21, 22 |